

PARA ESTIMULAR A FORMA

- Debemos procurar falar e pronunciar correctamente para que os nenos/as nos imiten.
- Correxir os sons que o neno/a emite mal: por exemplo se dice “dato”, decirlle “ non, mira dicese rato”
- Non imitar a súa linguaxe infantil, ou rirlle a gracia cando o fai mal.
- Evitar os alimentos triturados e o biberón a partir dos tres anos, xa que evitan o fortalecemento dos músculos da boca.
- Hai que estar atentos a algún tipo de problema orgánico como por exemplo o “frenillo”.
- Estructurar correctamente as frases e esixirlle que tamén o fagan eles/as.
- Xogar ós trabalinguas.
- Xogar a alargar frases.
- Xogar a ordenar palabras e construír frases.
- Xogar a imitar sons de animais, cousas etc.

ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE INFANTIL

INFORMACIÓN PARA PAIS E NAIS



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ

ANTES DE COMEZAR DEBEMOS SABER QUE....

- *A linguaxe é o instrumento de comunicación máis importante que posuímos os seres humanos.*
- *O seu adecuado desenvolvemento é decisivo para estruturar o pensamento e a acción do neno/a, para estruturar e regular a súa personalidade e o comportamento cos demais.*
- *O entorno familiar é clave para a súa estimulación e desenvolvemento.*
- *Os especialistas organizan a linguaxe en tres dimensións:*

* **USO:** refírese ás distintas funcións que cumpre a linguaxe: expresar sentimentos, pedir, explicar...

* **CONTIDO:** refírese ás palabras que comprendemos e usamos : o vocabulario.

***FORMA:** refírese á articulación correcta dos sons, e á organización das palabras en frases.

PARA ESTIMULAR O USO:

- **A mellor forma de estimular a linguaxe é falar co neno/a e deixar que nos fale con tranquilidade.**
- **Non o interrompa nin fale por el/ela.**
- **Os pais son o exemplo de como usar a linguaxe; polo tanto é preciso falar correctamente, sen gritos, con frases comprensibles e ben ordenadas.**

- **Tamén é preciso que se lles de exemplo para falar correctamente: pedir as cousas por favor, non interromper a quen fala, non usar tacos...**
- **É necesario esixirle que fale con frases e non con palabras; por exemplo se dice ¡auga! Ensinarlle que debe decir : por favor, ¿dasme auga?**
- **Facer xogos de rematar frases: “O Coche vai...”**
- **Xogar a ser outras persoas: unha médico, un maestro, o carnicero...**
- **Falar con eles sobre o día na escola, que tal cos amigos....**

PARA ESTIMULAR O CONTIDO

- **É preciso ensinarlle o nome dos obxectos da casa : culler, o vaso, o prato....**
- **En viaxes e saídas decirlle os nomes das cousas que van vendo, e para que sirven.**
- **Explicarlles os nomes das cousas que ven na televisión , nos contos, nos libros...**
- **Xogar ó “veo-veo”**
- **Contestarlles sempre que pregunten ¿que é isto?**